



Teaching Guide				
Identifying Data				2020/21
Subject (*)	Teaching Diagnosis		Code	652G02039
Study programme	Grao en Educación Primaria			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Fourth	Optional	4.5
Language	Spanish			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinador	Losada Puente, Luisa	E-mail	luisa.losada@udc.es	
Lecturers	Losada Puente, Luisa	E-mail	luisa.losada@udc.es	
Web				
General description	A preocupación pola avaliación e a análise da conduta humana atendendo a unhas ou outras variable foi unha constante ao longo da historia da humanidade, e permitiu configurar o diagnóstico como ciencia vinculada a diversos campos de coñecemento: medicina, psicoloxía, educación? No campo da educación, o Diagnóstico Pedagóxico érxese como disciplina que pretende o estudo dos aspectos relativos ao individuo en idade escolar e á súa contorna, mediante: (a) a identificación e valoración das súas capacidades, comportamentos, actitudes e atributos persoais no contexto escolar; (b) a procura dunha explicación sobre as causas, alternativas e factores implicados na situación experimentada polo escolar; (c) a explicación das consecuencias sobre el/ela, mediante a síntese da información recollida a través das diversas técnicas; e (d) a especificación, con base neses resultados, dos recursos singulares que require para a atención ás súas necesidades específicas de apoio educativo planificando, cando sexa necesario, unha intervención adecuada para mellorar satisfactoria esas accións, a personalidade e a madurez do escolar. Por todo isto, nesta materia optativa de 4º curso do Grao en Educación Primaria preténdese ofrecer unha aproximación teórico-práctica ao campo do diagnóstico pedagóxico, a través da cal o alumnado adquirirá as competencias básicas ou elementais que lle permitan comprender os procesos de aprendizaxe no período 6-12 anos dentro e fóra da aula, as características do alumnado e os seus procesos motivacionais e sociais, así como identificar as dificultades de aprendizaxe dos seus estudantes, aplicar os seus coñecementos ás problemáticas que presentan os seus futuros/as alumnos/as na escola, empregar técnicas e instrumentos adecuados para a exploración e identificación diagnóstica, e realizar informes que permitan informar das ditas dificultades e colaborar no proceso de intervención.			
Contingency plan	1. Modifications to the contents 2. Methodologies *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy			



Study programme competences	
Code	Study programme competences
A1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período de 6-12, no contexto familiar, social e escolar.
A2	Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionais e sociais.
A3	Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e identificar disfuncións.
A4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento.
A6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.
A7	Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra de ela relativos ao período 6-12.
A11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.
A20	Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas.
A21	Coñecer e saber exercer as funcións de titor e orientador en relación coa educación familiar no período 6-12.
A22	Relacionar a educación co medio, e cooperar coas familias e a comunidade.
B1	Aprender a aprender.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
B13	Lectura e interpretación de imaxes.
B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B17	Capacidade de análise e de autoavaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo.
B18	Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes.
B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Coñecer e contrastar os diferentes modelos de diagnóstico educativo, estimando o máis adecuado en relación aos procesos de aprendizaxe individual e á interacción e comunicación no contexto familiar, social e escolar, relativos ao período de 6-12 anos.	A1	B18	C3
	A7	B21	
	A11	B22	



Comprender e ser capaz de explicar as características do alumnado de 6-12 anos, o desenvolvemento da súa personalidade e motivacións e as súas posibles disfuncións e/ou dificultades de aprendizaxe.	A2 A3 A4	B9 B21 B22 B23	C1 C4
Identificar as posibles dificultades de aprendizaxe dentro e fóra da aula do alumnado de 6-12 anos, aplicando xuízos que son trasladados ás persoas involucradas e que contribúen ao seu tratamento.	A4 A6 A7	B22 B23 B24	C1
Apreciar a diversidade de capacidades e ritmos de aprendizaxe na aula e fóra dela, estimando os mecanismos e estratexias adoptadas para a resolución de situacións que afectan ao proceso educativo do alumnado.	A6 A7	B9 B13 B23	
Dominar e facer uso das habilidades sociais, comunicativas e profesionais necesarias para entender ao alumnado e ás familias e facerse entender por todos eles, para exercer as funcións de tutor/a e/ou orientador/a en relación á educación familiar e para establecer lazos de cooperación e comunicación coas familias e a comunidade.	A11 A20 A21 A22	B24	C1 C4
Investigar, de forma autónoma e/ou colaborativamente, novas formas de ensinar e de manter un coñecemento actualizado sobre o propio campo profesional.		B1 B14 B17	C3
Emitir xuízos de valor argumentados, acerca dunha realidade, contrastando as súas opinións coas doutros profesionais do campo e contribuíndo á resolución conxunta dos problemas dentro da área de estudo con base na ética e na responsabilidade do traballo docente.		B6 B9 B14 B22 B24	C1
Valorar de xeito crítico as propias habilidades de aprendizaxe e a súa necesidade de formación ao longo da vida.		B1 B21 B25	C5 C7

Contents	
Topic	Sub-topic
Tema 1. Delimitación conceptual do diagnóstico en educación	1.1. Concepto de diagnóstico en educación 1.2. Modelos de diagnóstico en educación
Tema 2. O proceso de diagnóstico en educación	2.1. Problemática e elementos do diagnóstico 2.2. Niveis de actuación e ámbitos do diagnóstico
Tema 3. Técnicas e instrumentos de recollida de información do proceso diagnóstico	3.1. Técnicas obxectivas, subxectivas e proxectivas
Tema 4. O informe de diagnóstico educativo	4.1. Solicitude de elaboración e interpretación do informe diagnóstico 4.2. Problemas ético-sociais e deontoloxía profesional

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student's personal work hours	Total hours
Introductory activities	A22 B1 C1 C3	1	0	1
Guest lecture / keynote speech	A1 A2 A3 A11 A21 C7	7.5	0	7.5
Supervised projects	A4 A6 A7 B25 B24 B23 B22 B18 B17 B14 B9 B1 C1 C3 C4	7.5	30	37.5
Simulation	A11 A21 A22 B6 B9 B21 B22	3	9	12
Case study	A4 A6 A20 B1 B6 B13 B14 B23 B24 C5 C3	5.5	16	21.5



Oral presentation	B1 B9 B13 B17 B23 B24 C3 C1	4	15	19
Directed discussion	A7 A3 B9 B13 B24	1	0	1
Mixed objective/subjective test	A3 B21 B22 B23 B24	2	10	12
Personalized attention		1	0	1

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Actividade que se desenvolverá ao inicio do proceso de ensino-aprendizaxe, coa finalidade de coñecer as competencias previas, intereses e motivacións do alumnado en torno á materia e así poder articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas. A dita actividade consistirá en dúas partes: (a)descripcion dun caso traballado no Practicum e (b) definición de conceptos a partires dun conxunto de posibles respostas.
Guest lecture / keynote speech	Exposición dos contidos que conforman o marco teórico, mediante o uso de presentacións e medios audiovisuais que se subirán á plataforma que está a disposición da Universidad. Ademáis, ofrecerase ao alumnado bibliografía e documentación adicional para afondar en cada tema. Sempre que sexa posible, estas sesións serán complementadas con outras metodoloxías como discusión dirixida ou estudo de casos, introducindo cuestións dirixidas ao alumnado en forma de actividade de aula, coa finalidade de transmitir os coñecementos e facilitar as aprendizaxes.
Supervised projects	O alumnado levará a cabo, ao longo do cuadrimestre, diversos traballos cuxa finalidade é que o alumnado coñeza, comprenda e sexa capaz de aplicar á súa vida diaria os principios básicos que sustentan o diagnóstico pedagóxico na actualidade. A dita capacidade deberá materializarse nun documento final, que poderá ser presentado en formato vídeo, imaxe, debuxo, blogue... utilizando para isto os medios tecnolóxicos ao seu alcance. O dito traballo suporá o proxecto final da materia e será presentado ao resto de compañeiros/as.
Simulation	Levarase a cabo unha representación das aprendizaxes teóricas en forma de suposto hipotético (simulación) relacionado co uso dunha proba diagnóstica, na que o alumnado deberá poñer a proba o se comportamento en situacións concretas, os coñecementos adquiridos ata o momento, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Relizarase de xeito presencial, apoiados polas TICs e, preferentemente, en pequenos grupos (3-4 estudantes) para que traballen de forma conxunta na resolución das tarefas, de xeito que optimicen a súa aprendizaxe e se retroalimenten do traballo conxunto.
Case study	Actividade na que se lle presentará ao alumnado unha situación problemática específica coa que podería atoparse na súa futura vida profesional. O alumnado deberá ser capaz de comprender, analizar, valorar e resolver o problema, tomando como marco de referencia as aprendizaxes adquiridas nas sesións maxistras, así coma outros materiais complementarios facilitados pola docente ou dispoñibles na bibliografía básica da asignatura. Realizarase grupalmente (número de participantes a determinar, segundo o número de alumnado) e, será no grupo no que se analice, debata e valore o caso presentado, e se discutan os feitos e as posibles solucións ata chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión.
Oral presentation	O alumnado presentará fronte á docente e os demais compañeiros o seu proxecto final (traballo tutelado), así como se podera acordar a presentación doutras actividades (estudio de casos, simulación). As presentacións das actividades farase de forma grupal e requirirase da participación de todos os integrantes. Deberase presentar a modo de exposición oral, empregando para isto recursos e medios de carácter innovador. Valorarase, ademáis da calidade e claridade na exposición, a capacidade de axustarse aos tempos, a adecuación ao público e lugar da presentación e, sobre todo, a creatividade e a innovación.



Directed discussion	Proporanse dinámicas nas que se aborden temáticas que inviten á reflexión do alumnado acerca de contidos relativos ao diagnóstico no campo educativo. Preténdese favorecer a construción dunha visión crítica á hora de interpretar a realidade educativa. Utilizaranse recursos como as lecturas ou os vídeos para a contextualización das discusións, para o cal requirirase que o estudantado, previamente, realice a súa lectura/visionado crítico (traballo autónomo).
Mixed objective/subjective test	Proba escrita para a avaliación continua das aprendizaxes. Esta proba subdividirase en varias partes/momentos, que corresponden coas diferentes partes do temario. Así, o alumnado poderá demostrar o seu grao de comprensión dos contidos e a súa progresión na aprendizaxe. Poderá integrar preguntas de tipo objetivo: verdadeiro/falso, de selección múltiple, orde, resposta curta, discriminación, completar e/ou asociación.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Case study Mixed objective/subjective test Supervised projects	Durante o desenvolvemento das actividades prácticas, os grupos disporán de 1.30 h. de atención personalizada na aula, entendida como atención, supervisión e seguemento dos grupos de traballo, para resolver as dúbidas que poidan xurdir durante o manexo de fontes e a resolución de problemas prácticos. Isto supón que o alumnado debe participar nas sesións prácticas de xeito activo. O alumnado poderá consultar dúbidas no horario de tutorías. As ditas tutorías atenderanse tanto de forma presencial (despacho P1 A19) como virtual (TEAMS, Outlook), exclusivamente no horario de tutorías que figura na web da Facultade. ----- Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudante dos Graos na UDC (Art. 2.3.,3b y 4.5) (29%5/212)", desenvolverá a súa actividade coa asistencia e a participación nas dinámicas recollidas no apartado de "Metodoloxías" y en "Atención personalizada" aplicable ás prácticas, sempre que lle sexa posible. A actividade farase seguindo as observacións de avaliación sobre a flexibilidade da asistencia-participación e os requirimentos para superar a materia.

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification



Mixed objective/subjective test	A3 B21 B22 B23 B24	Realizaranse varias probas ao longo do cuadrimestre coa fin de valorar a adquisición dos coñecementos teóricos e prácticos. Estas probas poderán incluír preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas. O sistema de corrección da dita proba será o seguinte: - Preguntas V/F: unha resposta incorrecta restará unha resposta correcta. - Preguntas de resposta múltiple: aplicarase a fórmula de corrección ao azar (acertos - erros/nº alternativas ? 1). - Preguntas resposta curta: valorarase a claridade e a capacidade de síntese e adecuación da resposta á pregunta formulada. Non habrá una prueba final para el alumnado asistente; cada una de las pruebas a realizar al final de cada tema representan el 40% de la nota final de la asignatura. Cada prueba tendrá un valor de 1 punto.	40
Supervised projects	A4 A6 A7 B25 B24 B23 B22 B18 B17 B14 B9 B1 C1 C3 C4	Levarase a cabo un proxecto final que o alumnado irá nutrido de contidos ao longo do cuadrimestre coas actividades que realice e que, polo tanto, poderán ser avaliadas dentro desta metodoloxía. O dito traballo poderá consistir no deseño dun blogue, a realización dun vídeo ou a creación dun conto, entre outras posibilidades, e co que se logre reproducir os principios fundamentais que sustentan o diagnóstico pedagóxico en Educación Primaria.	40
Oral presentation	B1 B9 B13 B17 B23 B24 C3 C1	Tanto o traballo tutelado (proxecto final) como outras metodoloxías empregadas na materia poderán ser avaliadas a través da súa presentación ante os compañeiros/as. Os criterios chave para a valoración serán, entre outros: (a) Adecuación da presentación ao esixido na actividade (b) Utilización dunha expresión oral (e escrita, apoiada en recursos TIC) adecuada, pertinente e non discriminatoria/non ofensiva (c) Orixinalidade, ou capacidade de atraer ao público ao que se dirixe Tamén se terá en conta a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos teóricos adquiridos, para resolver problemas en entornos novos ou pouco coñecidos, a súa integración para formular xuízos e para comunicar as conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan.	20

Assessment comments



REQUERIMENTOS PARA SUPERAR A MATERIA:

Asistir a clase. A asistencia a clase é

obrigatoria nun 80% das sesións. Participar en clase. A condición de alumnado asistente (80% de asistencia)

supón, non só a asistencia, senón tamén a participación e aproveitamento do

tempo de clase. Para isto, é moi recomendable que o alumnado visualice e/ou realice a lectura dos materiais subidos á plataforma na que se colgan todos os materiais da asignatura, pois nela se atopan os contidos fundamentais para realizar un correcto desenvolvemento das sesións e para superar a materia. Realizar

todas as actividades obrigatorias que computan na avaliación final da materia;

isto é: a proba mixta (tests dos bloques de contidos), os traballos tutelados

e a presentación oral. Acadar

o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar

a materia, calquera que sexa a modalidade de avaliación á que se somete o

estudante. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación

final será de 4 puntos. Axustarse

ás datas de entrega sinaladas no calendario presentado durante a presentación

da materia. As entregas fóra de prazo ou a ausencia de entrega terán unha

calificación de 0 puntos e, polo tanto, suporán unha calificación final de

suspenso. Realizar

as actividades propostas, aproveitando e optimizando o tempo que se destina na

aula. Realizar

traballos de carácter orixinal. O incumprimento das normas éticas na

realización de traballos académicos suporá unha calificación de 0 puntos na

mesma e, polo tanto, dará lugar a unha calificación final de suspenso. Baixo

ningunha circunstancia aceptaranse traballos parcial ou totalmente extraídos

doutras fontes que non foran debidamente citadas. MODALIDADES DE AVALIACIÓN: Tendo en conta a posible existencia de

alumnado que, polas súas circunstancias particulares non poda asistir a clase, e polo tanto, formar parte dun grupo de traballo e realizar a presentación oral do proxecto, terase en conta diversas modalidades de avaliación segundo o réxime

de adicación do alumnado: AVALIACIÓN CONTINUA: modalidade de avaliación

aplicable ao alumnado asistente; é dicir, a aquel que cumpra co requisito de

asistencia dun 80%; e ao alumnado con recoñecemento de adicación a tempo

parcial. Alumnado asistente: Será avaliado ao longo

do proceso de aprendizaxe, a través da realización das actividades prácticas

(traballos tutelados) e a súa presentación oral, revisado pola profesora, así

como da avaliación formativa a través dos test correspondentes á proba mixta.

Os test estarán programados para as datas que a docente indicará o primeiro día

de clase. Non poderán ser realizados fora do horario de clase nin fora das

datas establecidas. Alumnado con recoñecemento de dedicación a

tempo parcial: atendendo á norma que regula o réxime de adicación ao estudo e a

permanencia e progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na

Universidade da Coruña (aprobada en Consello de Goberno o 28 de xuño de 2016),

nos seus artigos 4, 5 y 6, será necesario que este alumnado solicite a dispensa

e a entregue á docente. O alumnado que se adhira a esta modalidade será

avaliado baixo o seguinte proceso de avaliación: (a) Terá que entregar o seu traballo tutelado

de xeito individual que será valorado cun 40% da cualificación final da

materia; isto é, 4 puntos sobre 10, pero é necesario acadar a metade da

puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 2 punto). O prazo para a entregar será

o mesmo que o dos compañeiros presenciais. (b) Terá que entregar por escrito todas as

actividades que o alumnado presencial realice e entregue (ou presente). Será

valorado cun 20% da cualificación final da materia. (c) Terá que realizar os tests correspondentes á proba mixta nas mesmas condicións que o

alumnado asistente (isto é, debe cumprir os prazos establecidos pola docente) e cuxa cualificación será do 60% da nota final; isto é, 6 puntos sobre



10, pero é

necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 3 punto). AVALIACIÓN FINAL: modalidade de avaliación aplicable ao alumnado non asistente (aquel que non cumpre co requisito de asistencia mínimo do 80%), así como aquel que non participa da realización de máis de dous das probas online (proba

mixta). Para este alumnado, establécese que: (a) Será recomendable que realice todas as actividades que se desenvolverán na aula co alumnado presencial, pero de forma autónoma e contando coa supervisión da profesora no horario de titorías. As ditas actividades serán avaliadas a través dunha proba que se desenvolverá ao final do cuadrimestre e que terá un peso do 60% da materia; isto é, 6 punto sobre 10, pero é necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 3 puntos). A data da proba está fixada por Xunta de Facultade.(b) Terá que realizar un único examen de contidos teóricos, integrado na

denominada proba mixta, cun peso do 40% na nota final; isto é, 4 puntos sobre 10, pero é necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 2 puntos).

Os traballos serán entregados fundamentalmente en formato dixital, e nos casos que a entrega sexa en papel este deberá ser reciclado, evitándose o uso de plásticos. Ademais se esixirá a utilización dunha linguaxe non sexista e non discriminatorio



Sources of information

Basic	- Alonso Tapia, J. (2012). Evaluación psicopedagógica y orientación educativa. Madrid: Síntesis - Anaya Nieto, D. (1992). Introducción al diagnóstico en orientación. Madrid: Sanz y Torres - Anaya Nieto, D. (2003). Diagnóstico en educación. Diseño y uso de instrumentos. Madrid: Sanz y Torres - Ayala Flores, C.L. (2001). Evaluación e informes psicopedagógicos: de la teoría a la práctica. Madrid: CEPE - Cardona Moltó, M.C., Chiner Sanz, E. y Lattur Devesa, A. (2010). Diagnóstico psicopedagógico. Alicante: ECU - de Campo Adrián, M.E., Palomares, Delgado, L. y Arias Carmona, T. (2002). Casos prácticos de dificultades de aprendizaje y necesidades educativas especiales: diagnóstico e intervención psicoeducativa. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces, S.A. - Ibáñez López, P. y Mudarra Sánchez, M.J. (2014). Atención temprana. Diagnóstico e intervención psicopedagógica. Madrid: UNED - Iglesias Cortizas, M.J. (2005). Diagnóstico escolar. Teorías, ámbitos y técnicas. Madrid: Pearson. Prentice Hill. - Padilla, M.T. (2002). Técnicas e instrumentos para el diagnóstico y la evaluación educativa. Madrid: CCS - Pascual Gómez, I. (2016). Diagnóstico pedagógico. conceptos básicos y aplicaciones en el aula de educación infantil. Barcelona: Editorial UOC
Complementary	- Iglesias Cortizas, M.J. (2012). Aportaciones del diagnóstico pedagógico a la orientación educativa (pp. 89-112). Madrid: Biblioteca Nueva - Marí Molla, R. (2006). Diagnóstico pedagógico: Un modelo para la intervención psicopedagógica (2ª ed.). Madrid: Ariel Educación

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.